

O alcalde de Brión anuncia unha nova estrutura municipal para mellorar a atención á veciñanza, aumentar a transparencia e facilitar a participación dos grupos da oposición

O novo Goberno de José Luís García suporá un aforro do 136% con respecto á legislatura anterior

O Concello de Brión celebrou o venres 17 de xullo o seu pleno de organización no que o alcalde, José Luís García, anunciou unha fonda restructuración do Concello e do Goberno municipal “que vai moito máis aló duns simples nomeamentos e que espero que permita cumprir tres obxectivos fundamentais: mellorar a atención e os servizos que reciben os nosos veciños e veciñas, ter un concello moito máis transparente e facilitar a participación construtiva de todos os grupos municipais na acción de Goberno”.

Así, a nivel de traballadores, García adiantou que xa está traballando en tres camiños: na modificación da Relación de Postos de Traballo, na actualización do convenio colectivo e nun acordo para regularizar as funcións do persoal laboral e funcionario do Concello de Brión. “Nun par de semanas llo presentaremos aos traballadores e despois tamén o daremos a coñecer tanto aos grupos municipais como aos medios de comunicación”, adiantou o alcalde brionés.

Catro áreas de Goberno

E a nivel de Goberno, García adiantou que “pretendemos conformar un novo Goberno que responda ás demandas das veciñas e dos veciños de Brión. Ese é e será sempre o noso obxectivo principal: atender todas as demandas que nos plantexe a veciñanza con plena dedicación e responsabilidade”. Con este fin, o Goberno articularase arredor de catro áreas de actuación, dirixidas ben polo alcalde ou ben pola nova concelleira de Ensino, Cultura e Desenvolvemento Económico, Yolanda Bouzas. As áreas serán:

- Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá
- Ordenación do Territorio, Medio Ambiente e Medio Rural
- Política Social
- Benestar e Desenvolvemento Comunitario

As dúas primeiras estarán coordinadas polo alcalde José Luís García e as outras dúas por Yolanda Bouzas. García explicou que “teño a sorte de contar cun equipo moi preparado, que aúna experiencia e novas ideas, e todos unidos por un desexo común: traballar arreo polo benestar dos veciños e veciñas de Brión. Esta nova organización do concello en 4 áreas nas que se integrarán as diferentes concellerías permitirá mellorar o funcionamento deste Concello e suporá tamén un aforro para as arcas municipais, algo que tamén nos reclaman dende a veciñanza”.

Neste sentido, José Luís García adiantou que renuncia á súa dedicación exclusiva como alcalde, xa que disporá dunha dedicación na Deputación da Coruña, onde se encargará da área de Promoción Económica e Emprego. García garantiu que “a miña dedicación a Brión seguirá sendo a mesma ca sempre, pero tamén é hora de ir dándolles máis responsabilidades a novas persoas aquí presentes. E estou convencido de que o farán extraordinariamente ben”.

Finalmente, García reiterou o seu convite á participación tanto do PP como do BNG no Goberno do municipio a través das novas Comisións Informativas que se crean en Brión. “Deste xeito conseguiremos unha maior transparencia na nosa xestión e os grupos da oposición terán un maior control da acción de Goberno e, cando menos iso é o que espero, terán tamén a oportunidade de aportar as súas achegas para o mellor desenvolvemento deste Concello”, explicou García.

Desenvolvemento do pleno

Tras a intervención de García, o pleno municipal aprobou todos os puntos da orde do día cos 11 votos a favor de PSOE e PP e coas 2 abstencións do BNG (salvo na delegación de competencias do pleno na Xunta de Goberno Local, que se aprobou por unanimidade). O voceiro do BNG, Xesús Pena Espiña, xustificou as abstencións en que era “dar un marxe de confianza” ao novo Goberno xa que “é a súa estrutura do Goberno. Esperamos que sexa eficaz e efectiva ao servizo dos veciños”. Pola súa banda, o voceiro do PP, José David García Arcos, considerou as novas propostas como “un paso adiante que non nos desgusta. Intentaremos exercer non só o labor de control senón tamén achegar cousas para o mellor funcionamento do Concello”. Algo que García agradeceu xa que “calquera idea que propoñan será escoitada e, se estamos de acordo, sairá adiante”.

Así, se acordou manter a mesma periodicidade das sesións ordinarias, que terán lugar os terceiros mércores dos meses pares ás 13:00 horas. Así mesmo, crearanse **catro comisións informativas**, todas elas presididas polo alcalde José Luís García:

- Xunta de Goberno Local. Estará composta por 4 concelleiros do PSOE (Yolanda Bouzas Alfonsín - 1º Tenente de Alcalde, José Pedro Cambón Fernández - 2º Tenente de Alcalde, José Luís Sampedro Bouzas - 3º Tenente de Alcalde e Francisco Javier Blanco Sánchez - 4º Tenente de Alcalde).
- Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadán, que funcionará tamén como Comisión Especial de Contas. Estará composta por 3 concelleiros do PSOE (Yolanda Bouzas Alfonsín, José Pedro Cambón Fernández e María Guarina Rey Vázquez), 1 membro do PP (José David García Arcos) e outro do BNG (Xesús Pena Espiña).
- Ordenación do territorio, Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos básicos. Estará composta por 3 concelleiros do PSOE (José Luís Sampedro Bouzas, Francisco Javier Blanco Sánchez e María Rosa Romero Fariña), 1 membro do PP (José David García Arcos) e outro do BNG (Xesús Pena Espiña).
- Política Social e Cultura . Estará composta por 3 concelleiros do PSOE (Yolanda Bouzas Alfonsín, María Guarina Rey Vázquez e María del Carmen Rey Túñez), 1 membro do PP (Patricia Agrafojo Lois) e outro do BNG (José Luis Penas Corral).

Dedicacións

O alcalde brionés tamén deu conta ao pleno do réxime de dedicacións exclusivas e parciais do Concello e dietas por asistencia a sesións de órganos colexiados. Así, José Luís García renuncia á súa dedicación exclusiva xa que disporá dunha retribución da Deputación da Coruña. Mantéñense a dedicación exclusiva de 23.870 euros brutos anuais para a concelleira de Ensino, Cultura e Desenvolvemento Económico, Yolanda Bouzas; e redúcese a dedicación parcial para o concelleiro de Deportes, Música e Actividades Extraescolares, Jesús Quintela ata os 9.100 euros brutos anuais. Deste xeito, o custe anual do Goberno de Brión reducirase nun 136%, ao pasar dos 78.092 euros aprobados no 2011 aos 32.970 euros aprobados esta mañá.

As asistencias a plenos e a Xunta de Goberno Local quedan fixadas en 100 euros, mentres que as asistencias a comisións informativas fixéronse en 75 euros (cantidades que non cobrarán os membros con dedicación).

O **novo Goberno** estará composto por:

- José Luís García, alcalde e con competencias exclusivas en materia de Urbanismo, Facenda, Transparencia e Participación cidadá
- Yolanda Bouzas Alfonsín, primeira tenente de alcalde e concelleira de Ensino, Cultura, Desenvolvemento Económico, Réxime Interior e Persoal.
- José Pedro Cambón Fernández, segundo tenente de alcalde e concelleiro de Seguridade e Protección Civil.
- José Luís Sampedro Bouzas, terceiro tenente de alcalde e concelleiro de Medio Rural e Obras Públicas.
- Francisco Javier Blanco Sánchez, cuarto tenente de alcalde e concelleiro de Servizos Básicos (abastecemento, iluminación e saneamento).
- María Guarina Rey Vázquez, concelleira de Novas Tecnoloxías e Emprego.
- María del Carmen Rey Túñez, concelleira de Maiores
- María Rosa Romero Fariña, concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade
- Jesús Quintela Vázquez, concelleiro de Deportes, Música e Actividades Extraescolares.

Os catro tenentes de alcalde conformarán, xunto co alcalde, a Xunta de Goberno Local, á que se volveron transferir as mesmas competencias ca na pasada lexislatura co respaldo unánime da corporación municipal. Por último, creáronse os tres grupos municipais da corporación: PSOE, con José Luís García como voceiro; PP, con José David García Arcos como voceiro; e BNG, con Xesús Pena Espiña como voceiro.



No que atinxe ao nomeamento dos representantes nos **órganos colexiados**, José Luís García representará ao Concello de Brión na Xunta de Goberno da Mancomunidade Serra do Barbanza, na Mancomunidade de Santiago, no Consorcio Galego de Benestar e tamén vai ser o representante titular da Fegamp para o Consello de Benestar Social. Pola súa banda, Yolanda Bouzas asumirá a representación do Concello de Brión nos Consellos Escolares do CEIP de Pedrouzos, o IES Brión e as escolas unitarias da Luaña, Bastavales e Os Ánxeles. María Rosa Romero Fariña tamén foi designada representante suplente na Fegamp no Concello de Benestar Social. Así mesmo, o propio José Luís García, Yolanda Bouzas, Xesús Pena Espiña e José David García Arcos asumirán a representación do Concello de Brión na asemblea da Mancomunidade Serra do Barbanza.